



Organiza: *Concello de Laxe*  
*Concellaría de comercio, hostalaría,  
turismo e cultura*

Colabora:  **Deputación  
DA CORUÑA**



# I XORNADAS DE TURISMO ARQUITECTÓNICO, PATRIMONIAL E CULTURAL

*6 concertos musicais no patrimonio relixioso municipal*

*Concello de Laxe - Novembro do 2022*



**Igrexa de San Simón de Nande**

## INFORMACIÓN ARQUITECTÓNICA E HISTÓRICA

Igrexa de estilo predominante gótico, con remodelacións ata mediados do século XX.

A planta do templo é de salón, conformada por unha capela maior ou ábsida de forma rectangular e unha nave da mesma estrutura.

A súa base estrutural é gótica, de finais do século XV e as capelas laterais son do derradeiro terzo do século XVI, con reminiscencias góticas. A sancristía foi construída a finais do século XVII ou principios do século XVIII, e conserva unha bóveda de cruzaría de carácter rural. A espadana da fachada está datada no ano 1852.

Á nave accédese a través dun arco triunfal apuntado, volteado sobre machóns.



Para máis información, accede á nosa web:  
<https://turismolaxe.gal/arquitectura-2/arquitectura-relixiosa/>

## PROGRAMA

18.00 h .- CHARLA ARQUITECTÓNICA a cargo do mestre de xeografía e historia Luis Giadás.



Fonte: En "La Voz de Galicia"  
(16 de novembro do 2013)

18.30 h .- CONCERTO MUSICAL : " CAMINHOS CRUZADOS ".



Supón o encontro de dous músicos de formación e raíces diferentes (clásica e popular) que fusionan culturas nun repertorio ecléctico, que abrangue dende o barroco ata o século XX, dende Europa ata Latinoamérica.

Carmen Ferreiro Soto, na flauta, e Mauricio Caruso, na guitarra, ofrécennos o resultado do seu profundo traballo: un concerto cunha perspectiva distinta, froito desa ampla bagaxe artística posta en común por ambos.

Carmen Ferreiro é profesora de flauta no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela e directora da Orquestra Sinfónica de dito conservatorio, membro de Ensamble Iulius XIII, do Dúo Caminhos Cruzados e traversista en Capela Compostelana, entre outros.

A diversidade caracteriza a Caruso como o músico que é. Coa formación pasando pola Universidade de São Paulo, o curso de Composición (1992-1998), percorre a música contemporánea, erudita, jazz, pop, rock, música negra (africano, americano) e música popular brasileira. Como instrumentista tamén percorre varios instrumentos de corda, como guitarra clásica, acústica, cavaquinho, guitarra eléctrica, entre outros.